1. Utiliza os datos que seguen para explicar as causas e as consecuencias da situación actual do medio rural en Galicia. Debes usar correctamente os termos agricultura ecolóxica, desagrarización, desertos verdes, explotación intensiva e silvicultura e relacionalos coas imaxes que xuntamos.

<table>
<tr><td colspan="5">Táboa 1: Evolución da poboación residente e activa na Galicia rural entre 1950 e 2017</td></tr>
<tr><td>Variable</td><td>1950</td><td>1960</td><td>2000</td><td>2017</td></tr>
<tr><td>Poboación residente no medio rural (% do total)</td><td>80% en nucleos de <2000 habitantes</td><td></td><td></td><td>25%</td></tr>
<tr><td>Poboación activa no sector agrogandeiro</td><td>70%</td><td>660.000 persoas</td><td>110.000</td><td>55.000 (5,3%)</td></tr>
<tr><td colspan="5">En 2016:<br>- O 27,1% da poboación galega habitaba o 79,8% do territorio, espallada en 30.245 nucleos de poboación en 2016.<br>- Só estaba cultivado o 29,3% do territorio (21% a labradio e pastos: 2,85 millóns de Has. pertencentes a 1,67 millóns de donos), o 40% é arborado e o 21% matogueiras.</td></tr>
<tr><td colspan="5">Na actualidade distinguense tres espazos rurais diferenciados en Galicia:<br>- A urbanizada e forestadas no eixo atlántico, exposta a vagas cíclicas de lumes forestais pois arden máis de 20.000 Has. cada ano dende 1972.<br>- Un rural activo e produtivo no interior das provincias de Lugo e a Coruña, ben xestionado e sustentable a escala ambiental.<br>- Un rural abandonado nas serras orientais de Lugo, na dorsal galega e na maior parte de Ourense.</td></tr>
</table>





2º. Analiza e describe as seguintes paisaxes relacionando relevo, climatoloxía, hábitat e actividades produtivas. Sitúaa na Península Ibérica argumentado a túa resposta.





(Val do río Jerte)



(melocotoneiros en Lleida)




(Veiga em Antequera)